

Xuño 2021

Nº 24



## “NOVAS DO PERRAL”

DÍA DAS LETRAS GALEGAS  
XELA ARIAS



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

Revista escolar do  
CEIP de Petelos-Mos

# XELA ARIAS

Xela Arias Castaño naceu o 4 de marzo de 1962 en Sarria (Lugo) onde seu pai era mestre de primaria. Era a primoxénita de Valentín e Amparo.



Foi inscrita co nome de María de los Ángeles, xa que daquela non se podían poñer nomes galegos. En 1984 consegue que lle recoñezan o dereito a chamarse Xela, tal como a coñecían todos.

Estudou infantil e primaria no Colexio Fingoí, de Lugo e no de Sárdoma-Moledo, en Vigo e os estudos de secundaria no IES Castelao, tamén de Vigo, cidade na que fora destinado seu pai.

Co conto **A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardecia** gañou o VI Concurso de contos Infantís de O Facho da Coruña.

Foi poeta, tradutora e profesora de Lingua e Literatura Castelá en secundaria.


A súa obra poética está recollida, principalmente en **Denuncia do equilibrio, Tigres como cabalos, Intempériome e Darío a diario**, dedicado ao seu fillo.

Foi tradutora ao galego de obras en portugués, italiano, inglés, castelán, francés... como *As bruxas*, de Roald Dalh, *Contos ao Teléfono*, de Rodari, *O Gato Gaiado...*, de Jorge Amado,...

En 1986 ingresou na Asociación de Escritores en Lingua Galega.



Faleceu na cidade de Vigo o 1º de novembro de 2003, aos 41 anos.



Polo seu traballo a prol do idioma galego e a nosa cultura a Real Academia dedícalle o Día das Letras de 2021.



NA CLASE DE 3ANOS ESTAMOS A TRABALLAR UN PROXECTO  
SOBRE :

## A CAMUFLAXE ANIMAL

ALGÚNS ANIMAIS, PARA AGOCHARSE  
DOS SEUS DEPREDADORES OU PARA  
CAZAR PODEN:




CAMBIAR DE COR




ADOPTAR FORMAS  
SEMELLANTES A  
ELEMENTOS DA  
CONTORNA



USAR AS SÚAS MANCHAS PARA CONFUNDIR ÁS SÚAS  
PRESAS OU AOS SEUS DEPREDADORES



ADOPTAR CORES DE ANIMAIS VELENOSOS CANDO EN  
REALIDADE NON O SON



(MOSCA AVISPADA)



DEIXÁMOSVOS UNS EXEMPLOS; A VER SE ATOPADES AOS ANIMAIS CAMUFLADOS  
(TEDES AS SOLUCIÓNS AO FINAL E UN XOGO DE BÚSQUEDA)



(1)



(2)



(3)



(4)



(5)




(6)



SOLUCIÓNS ÁS FOTOS :

(1.BUFO, 2.ARAÑA, 3.EIRUGA DE BOLBORETA BARÓN, 4.MANTIS RELIXIOSA  
ORQUÍDEA, 5.PEIXE ESCORPIÓN, 6.RA ARBÓREA)

ATOPA OS SEIS DEBUXOS OCULTOS



Na clase de 4 anos estamos traballando os  
PAXAROS. Xa coñecemos moitos que  
podemos atopar no noso arredor, coma:



FERRETRIÑO

ANDURIVA



LAVANDEIRA

MERLO



PAPORRUBIO






PAROAL



PEGA



ESTORVINTO



POMBA



RULA





RABRO RUBIO

XIRIM



CORVO

VERDEROLA



CLAUDIA KOANDA  
NOA ALBA BARRIOS  
GALVA ALBANO MANUEL  
MARTIN CARMELO  
JULIA ANGELO



Na clase de 5 anos

Coñecemos a *Claude Monet* e pintamos os  
seus "Nenúfares."



Fixemos a nosa interpretación da obra  
"El columpio" de Auguste Renoir.





De Edgar Degas, quedamos cos seus cadros de bailarinas. Estas son as nosas:



...E é que os nenos e nenas de 5 anos temos moita arte!



# OSO MELOSO

Autores : Pablo, Nicolás e Paola R.



UN OSO ENTRA NA GRANXA DE XOSÉ



XOSÉ SAE CORRENDO E PIDE AXUDA



CHEGOU DANI E LANZOLLE UN DARDO



DANI CHAMA A PROTECTORA DE ANIMAIS



A PROTECTORA VAI METELO NA GAPOLA



XOSÉ DALLE MEL AO OSO




Fixemos unha horta na clase!  
Plantamos un montón de cousas: cabaza,  
colinabo vermello, xirasol, melón, coliflor,  
callistephus chinensis...



Xa as estamos levando para casa  
esta semana:



Também, com o apoio das nossas famílias  
fizemos uns herbarios moi chulos e  
aqui o resultado ↓





## ASÍ TRABALLAMOS EN ... 2º

Na nosa aula estivemos traballando coa metodoloxía baseada nos principios da **APRENDIZAXE COOPERATIVA**. Nesta aprendizaxe os alumnos traballan en grupo para realizar tarefas de maneira colectiva. Mellorando a cooperación, habilidades sociais e do pensamento. Traballando aspectos como a responsabilidade, integración, participación e mellorando a súa valoración persoal.



Xogamos e participamos nos Campionatos de CHAPAS -CANICAS.

Compartimos as nosas **LECTURAS EN VOZ ALTA**.







Participamos en RADIO PETELA cun programa especial conmemorando o ' 'DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO' ' .

**CREAMOS**  
colaborando as  
nosas propias  
historias, haikus,  
coplas e cómics .







**INVESTIGAMOS e CREAMOS fichas de animais. As familias COLABORAN na realización de animais con materiais reciclados.**



**LEMOS, TRABALLAMOS e FALAMOS coa autora do noso libro de lectura ´ ´O LADRÓN DE SOÑOS´ ´, Sabela Fernández.**



## CONFLITO NA GRANXA

AMANSIO TROTA CERCA DO LAGO.




AO SAÍR DA AUGA, PACA ENFADOUSE MOITO.



ATA QUE CHEGOU MAURICIO, O GRANXEIRO.



15 MINUTOS DESPOIS, ENCONTROU UNHA MOI BOA.



PALOMA SILVA C., IKER BOUSADA P., NOA PIÑEIRO M.

6º

NON VIU A PRUDENCIO E PISOUNO.



ESTIVERON DISCUTINDO MOITO TEMPO.



FOI BUSCAR CONCHAS PARA PRUDENCIO.



AO FINAL FIXÉRONSE MOI BOS AMIGOS





# Aula de Música

O alumnado de 3º curso, na clase de Música, fixo un **conto musical**, titulado “Os meus amigos os animais”.

Para levar a cabo este proxecto, seguimos os seguintes pasos: en primeiro lugar, e despois de facer una primeira lectura do conto de Ambrosio González, fixemos unha exploración e experimentación cos distintos instrumentos que tiñamos pola aula, en pequenos grupos, e asignámoslle un instrumento a cada un dos personaxes que aparecían no conto, sendo este o resultado:

- Timbre: campás
- Elefante: bombo
- Gatiño: crócalos
- Ra: güiro
- Serpe cascabel: cunchas
- Paxaro carpinteiro: caixas chinesas
- Choiva: pau de choiva
- Grilo: cascabeis



Nerea Anxo Juan  
timbre campá azul  
GATIÑO triángulo  
RA: güiro  
elefante bombo  
Serpe cascabel cascabel  
Paxaro carpinteiro caixas chinesas  
choiva pau de choiva  
Grilo cascabeis

Tina Laura Daniel  
Timbre: Campanellas  
Elefante: Bombo  
Gatiño: crócalos  
Ra: güiro  
Serpe cascabel: cascabeis  
Paxaro carpinteiro: caixas chinesas  
choiva: pau de choiva  
Grilo: cascabeis

ANOTACIÓN  
DA  
EXPLORACIÓN

Unha vez escollidos os instrumentos,

distribuímos quen tocaba cada un, e interpretamos o conto na clase.

Unha vez que o tivemos ensaiado, subimos á Radio Petela para gravar o conto:

primeiro as voces, e logo os instrumentos.



GRAVANDO VOCES

GRAVANDO INSTRUMENTOS



Nerea: pau de chuva



Aroa: pau de chuva



Alberto e Juan:  
Caixas chinesas



Candela e Ainara:  
crótalos



Laura: cunchas



Anxo e Uxía:  
cascabeis



Isma:  
bombo



Jesús e Dani: campás



Unha vez gravado o audio, só nos quedaba ilustrar o conto. Para iso distribuímos entre o alumnado quen facía cada debuxo, e puxémonos mans á obra.

Estes que vedes aquí son una pequena mostra dos debuxos que fixemos, o resto atoparédelos no vídeo do conto que está na páxina web da escola, e que podes ver no seguinte enlace:

## [Conto musical "Os meus amigos os animais"](#)



Ainara




Anxo



Dani




Uxía



Nerea



Candela



Alberto



Nerea



Aroa



Juan



Jesús



Isma



# POEMAS EN COLLAGE

PRIMAVERA

As flores florecen

Son de muitas cores

Están agarradinhas  
con folo verde

Algúndas nun tarro

Outras nun xarron

Cunha terra de cor marron

Todo esta verde

todo ali fora

caio na herba

Cun vestido que voa

Jimena 4ºA



A aventura

de ler

en 4<sup>o</sup>A

con An Alfaya




Down e Siro  
Som moi diferentes  
un conta orsellas para dormir  
e outros conta flores  
de moitas cores.

DOWN



MARTÍN







# \* PAUS De CHUVIA





# Que necesitamos

Un tubo mediano.

Arame.

Pintura.

Soia, lentellas, arroz etc...

Cartón.

Pistola de silicona.

Tesoiras.

Un lapis.

Cartolina, “plantillas” ou calquera decoración (se queres).

**1.** Facemos bóliñas de arame (9-10 bóliñas).

**2.** Nun cartón facemos dúas tapas (marcando co tubo) e logo recortámolas.

**3.** Pegamos unha das tapas nun lado do tubo e metemos as bóliñas de arame.





4. Metemos o arroz, a soia ou calquera outra semente que faga ruído.

5. Pegamos a outra tapa.

6. Pintamos cunha capa de branco, e cando estea seco, pintámolo da cor que nos guste.

7. Logo decorámolo como queiramos. (Iso só se queres).



# E agora xa temos o pau de chuvia!



4ºB


4ºA

Feito por Ana e  
Jimena de 4ºA.





4ºB



# David mi David

Tódo los bebés son **tu** e ningún coma **ti**.

Tódo los nenos son **tu** e ningún coma **ti**.



Tódo los adolescentes son **tu** e ningún coma **ti**.

Tódo las mamas son **tu** e ningún coma **ti**.



Tódo los ancianos son **tu** e ningún coma **ti**.



Tódo las nais son **EU** e todas, como min, saben que es

# ÚNICO



Xela Arias



## O conflito



Autores: María, Paola M. e Mekonen de 6º.



*As letras galegas de festa.*

● **17 de maio, as letras galegas estiveron de festa. Con elas fixemos estas palabras.**

**A.-afusado**

**B.-boche**

**C.-chocallo**

**D.-desabafar**

**E.-emporcar**

**F.-felgo**

**G.-garatuxa**

**H.-hogano**

**I.-inerme**

**L.-lecer**

**M.-mico**

**N.-nugalla**

**Ñ.-ñáñaras**

**P.-pítelos**

**Q.-queixume**

**R.-requichar**

**S.-seitura**

**T.-tosquiar**

**U.-uz**

**V.-verderolo**

**X.-xanzá**

**Z.-zuro**

**Este ano aprendemos que a nosa lingua e a nosa historia, teñen influencias de moitos pobos. Entre todos os de 5º, un poema fixemos.**



# HISTORIA DO GALEGO.

**Os primeiros poboadores,  
de que serían adoradores?  
Falaban dun modo estrano  
os homes de antano?**



**Logo viñeron os castrexos  
tomando berberechos.  
Falaban unha lingua celta  
cunha bonita lenda.**



**Roma trae o latín  
ata os montes de Lalín.  
Transformouse en galego  
para nós entendelo.**



**Bárbaros do norte viñeron  
e Hispania percorreron.  
Os suevos Galiza miraron  
e dela se namoraron.**






**Musulmáns por Xibraltar**

**quixerónnos conquistar.**

**Trouxeron palabras con al**

**e coñecemos a Alá.**



**Chegou un rei cristián  
que só quería castelán.**

**Co galego resistimos  
e coa lingua convivimos.**



# **PALABRAS QUE NOS DELXARON**

## **OS POBOS DE ANTANO.**

**Prehistóricas:** unga-unga, bababuí, añañín, grrr, ñe, mekk, xatexatexate, mesachek...

**Castrexas-celtas:** carballo, camino, miñoca, breixo, berro, bico, becerro, toxo, cervexa, choco, colmea, croio, dolmen, dorna, laxe, leira, lousa, meniño, rodaballo, saia, tona, xenreira...

**Suevas:** trola, lisca, trincar, áscoa, broa, buxeu, Arximiro, Rodrigo, Ermenexildo, Boiro, Saavedra, Allariz, Samil, frecha, gañar...

**Árabes:** alcachofa, aldea, algodón, aceite, alfaia, almofada, laranxa, arroz, azafrán, cenoria, alcume, albaricoque, alcalde, almuerzo, alcohol, mesquita, sandía, zoco...

**QUE RICA É A NOSA LINGUA!!!!!!**

### **AUTORES:**

**Gorka, Diego, Emma, Juan, Alejandra, Alex, Yair, Pablo D., Martín, Yoel, Yago, Daniela, Águeda, Pablo R., Leidy, Kevin, Carla, Mateo, Nerea e Susana.**





## OBRADOIRO DE POESÍA



**Miguel Alonso Diz**, escritor e poeta, autor de “O sono de Esther”, “A nena á que non deixaban ser feliz”...estivo no noso colexio impartindo un obradoiro de poesía na aula de 6º.

- A poesía ¿onde está? Esta foi a súa presentación.
- **“A palabra musicada é poesía”.**
- “Escribir palabras, ler, equivocarse, repeticións...”
- Estas son as condicións para escribir poesía – díxonos– sen saber o tempo que nos pode levar.




*Presentación do poeta*


Nunha folla en branco, cada neno e nena intentou escribir un verso, logo algunha estrofiña sinxela... Houbo quen se atreveu cun caligrama!



Recordamos a Rosalía, fixemos algunha estrofa de príncipes e princesas, ao noso pai e nai.



Rematamos analizando algunhas cancións para ver a letra e as rimas.  
**UNHA GRANDE XORNADA!**



## VISITA DUN ESCRITOR



O 18 de maio visitounos **Xavier Estévez**, autor de **“Os camiños do vento”**, libro que léramos na aula durante o mes de marzo na “hora de ler”.

Contounos que é profesor nunha escola de Vigo e que lle encanta ler e escribir. Díxonos tamén que lle encanta a maxia, a radio, o cine...

Escomezou a publicar os seus libros despois de ter cumpridos os 30 anos. Non o fixo antes porque tiña medo de que non gustasen as historias que escribía dende neno e que gardaba nun caixón.

Dixo que fora un erro e animounos a mostrar sempre as nosas potencialidades.

**“Avións de papel”** é a primeira historia publicada, e Lucas e Sara son os protagonistas que investigan...

**“Os camiños do vento”** (o libro que limos) é outra historia cos mesmos protagonistas, Sara e Lucas, que reflicte o drama do pobo sirio, encarnado en dous irmáns refuxiados que chegan ao noso país e no que as vidas dos catro se entrecruzan e levarán ao lector, dunha maneira moi amena, ao coñecemento da realidade dos refuxiados e da vida dos protagonistas, alumnos de 12 anos.

Falounos tamén da importancia de atopar un libro que nos guste, pois iso é o que propicia o gusto pola lectura.

Para el é fundamental **“a maxia”** na lectura, a sorpresa para quen o le, por iso en moitos dos seus libros hai historias paralelas, que aparentemente non están relacionadas, mais ao final conflúen e sorprenden ao lector.



### ¡QUE GOZADA DE CHARLA!





# PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO

Neste curso, máis que nunca, quixemos fomentar uns hábitos de vida saudables, que inclúan tanto a actividade física como a alimentación. Por este motivo puxemos en marcha os “Almorzos Saudables”, unha proposta de almorzos para a escola variada e sempre cunha alternativa saudable.



Así mesmo cada mes propoñiamos diferentes xogos para que os nenos e nenas practicasen no tempo de recreo, coa intención de crear uns patios activos e facer partícipes a todos os nenos e nenas dos xogos de recreo.



# PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO

Cos alumnos e alumnas de 6º practicamos diferentes deportes no tempo de recreo



Ademáis este ano como novidade propuxemos a través da nosa páxina web, alguna actividade para realizar en familia. Esperamos continuar con esta proposta nos vindeiros cursos escolares.

MARZO 2021

## Actividades en familia

#02

Cada mes imos propoñer actividades para que realiceades cos vosos fillos en familia. Estas actividades enmarcámolas dentro do proxecto deportivo do centro, e o que buscamos é fomentar a actividade física tamén fora da escola.



Para isto queremos implicar a toda a familia nestas actividades, para que os nenos vexan en vos un modelo de vida saudable, o cal comeza por actividade física e unha alimentación saudable.


Se picades na imaxe poderedes acceder a Web do centro



# MOS: O NOSO PROXECTO



Escanea e verás toda a información que hai na nosa web.



Escanea e navega polas festas da nosa web.

